

ORDENANZA 4.27

PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co 41, ambos da lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificados pola Lei 25/98, de 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, este Concello establece o prezo público pola prestación de servicios e realización de actividades nas instalacións deportivas municipais.

Artigo 2º. Concepto

1.- O prezo público regulado nesta Ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación dos servicios ou a realización de actividades desenvolvidas nas instalacións deportivas municipais que a continuación se detallan:

1.1.- Pavillóns polideportivos de Santa Isabel, Vite e Lorenzo de la Torre.

1.2.- Pavillóns polideportivos ubicados nos Centros Públicos de Ensino, que son:

- P.P. Monte dos Postes
- P.P. Lamas de Abade
- P.P. Quiroga Palacios
- P.P. Apóstolo Santiago
- P.P. Vite I
- P.P. Pío XII
- P.P. Roxos-Villestro

1.3.- Campos de Fútbol de Santa Isabel e Cancelas.

2.- Se con posterioridade ó establecemento do presente prezo público, cesasen na prestación do servicio as instalacións deportivas privadas que actualmente concurren na realización de actividades similares ás que se desenvolven nas instalacións deportivas municipais, o prezo público transformárase en taxa.

3.- En caso de resultar preceptiva a transformación anterior, o Concello aprobará a Ordenanza fiscal correspondente reguladora da taxa pola prestación de servicios nas instalacións deportivas municipais, que entrará en vigor a partir da data na que se publique no Boletín Oficial da Provincia a súa redacción definitiva.

4.- Cando os prezos públicos por servicios nas instalacións deportivas municipais, de carácter periódico teñan que transformarse en taxa pola causa prevista no apartado 2º, non será preciso realizar a notificación individual á que se refire o art. 124.3 da L.X.T., sempre que o suxeito pasivo e a cuota da taxa coincidan co obrigado ó pago e o importe do prezo público ó que sustitúe.

Artigo 3º. Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza quen solicite ou se beneficie da prestación de servicios ou da realización de actividades nas instalacións deportivas municipais.

Artigo 4º. Cuantía

1.- O prezo público que se debe pagar ó Concello pola prestación de servicios ou pola realización de actividades nas instalacións deportivas municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

4.1.- PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS DE SANTA ISABEL, VITE E LORENZO DE LA TORRE

- a) Actividades deportivas. Adestramentos e competicións sen cobro de entrada. Por hora ou fracción.....6,40 €
- b) Competicións de carácter oficial con cobro de entrada. Por partido.....51,40 €
- c) En todos os casos a que se refiren os apartados a) e b), pagarase un suplemento de 3,90 €, por hora ou fracción, por utilización de luz eléctrica nas datas e horarios seguintes:
 - Do 1 de setembro dun ano ó 31 de maio do ano seguinte: a partir das 19,00 h.
 - Do 1 de xuño ó 31 de agosto de cada ano: a partir das 21,00 h.
- d) Utilización dos polideportivos para espectáculos deportivos:
 - Con cobro de entrada193,00 €
 - Sen cobro de entrada.....38,60 €
- e) Utilización dos polideportivos para espectáculos ou actos extradeportivos771,90 €

No caso de que o servicio estea suxeito a IVE, á tarifa correspondente engadiráselle o importe do mesmo.

4.2.- PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS UBICADOS EN CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO

- a) Actividades deportivas. Adestramentos e competicións sen cobro de entrada. Por hora ou fracción.....4,20 €
- b) Competicións de carácter oficial con cobro de entrada. Por partido.....32,10 €
- c) En todos os casos a que se refiren os apartados a) e b), pagarase un suplemento de 3,90 €, por hora ou fracción, por utilización de luz eléctrica nas datas e horarios seguintes:
 - Do 1 de setembro dun ano ó 31 de maio do ano seguinte: a partir das 19,00 h.
 - Do 1 de xuño ó 31 de agosto de cada ano: a partir das 21,00 h.
- d) Utilización dos polideportivos para espectáculos ou actos extradeportivos386,00 €

No caso de que o servizo estea suxeito a IVE, á tarifa correspondente engadiráselle o importe do mesmo.

4.3.- CAMPOS DE FÚTBOL DE SANTA ISABEL E CANCELAS

4.3.1.- Campo de Fútbol de Santa Isabel

A utilización e custo desta instalación deberá ser aprobada puntualmente pola Comisión de goberno, previo informe da sección de Deportes.

4.3.2.- Campo de Fútbol das Cancelas

- a) Actividades deportivas. Adestramentos e competicións sen cobro de entrada. Por hora ou fracción12,90 €
- b) Competicións de carácter oficial sen cobro de entrada. Por partido32,10 €
- c) Competicións de carácter oficial con cobro de entrada. Por partido64,30 €
- d) En todos os casos a que se refiren os apartados a) e b), pagarase un suplemento de 6,20 €, por hora ou fracción, por utilización de luz eléctrica nas datas e horarios seguintes:
 - Do 1 de setembro dun ano ó 31 de maio do ano seguinte: a partir das 19,00 h.
 - Do 1 de xuño ó 31 de agosto de cada ano: a partir das 21,00 h.

No caso de que o servizo estea suxeito a IVE, á tarifa correspondente engadiráselle o importe do mesmo.

2.- Non orixinarán o pago destes prezos públicos as actividades realizadas e os servizos prestados nas instalacións deportivas municipais anteriormente mencionadas, consistentes en:

- a. Horas destinadas á Educación Física escolar ou actividades escolares dos Centros de Ensino públicos ou concertados do municipio, con supervisión dun profesor, en horario lectivo.
- b. Actividades de clubs deportivos e entidades coas que se conveñan escolas deportivas municipais e/ou deporte de base, segundo o que se dispoña en cada convenio.
- c. Actividades da propia Sección de Deportes e/ou actividades deportivas doutros departamentos municipais.
- d. Adestramentos e competicións oficiais dos Clubs Deportivos Federados da Cidade, que estean inscritos no Rexistro de Asociacións do Concello, así como aquelas outras de carácter oficial nas que sexan organizadores.
- e. Actividades e competicións organizadas polas diferentes federacións deportivas.
- f. As actividades deportivas e non deportivas autorizadas expresamente pola Comisión de Goberno Municipal.

Artigo 5º. Normas de xestión

- 1.- A obriga do pago do prezo público orixinarase no momento en que inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade nas instalacións deportivas municipais.
- 2.- O Concello de Santiago, por medio do Organo encargado da administración deste prezo público, poderá esixir un depósito previo para responder, se é o caso, das indemnizacións polos desperfectos que poidan producirse na pista ou calquera outro servizo complementario. Este depósito poderá constituírse en metálico, mediante aval bancario ou póliza de seguros. Devolverase o seu importe, previo informe do Xefe da Sección de Deportes no que conste que non se causaron danos ou que estes foron reparados.
- 3.- O pagamento do prezo público correspondente ós espectáculos de carácter extradeportivo, que non formen parte da programación de calquera departamento municipal, deberá realizarse na Tesourería Municipal cunha antelación mínima de 48 horas á súa celebración.

Os gastos de persoal de servizo discontinuo (billeteiros, porteiros, vixilantes, electricistas,...) serán por conta dos organizadores do acto. As necesidades deste tipo de persoal serán fixadas a suízo da Sección de Deportes, tendo en conta o tipo de actividade que se vaia desenvolver.
- 4.- Calquera outro tipo de pagamento do presente prezo público farase nas oficinas da Sección de Deportes Municipal.
- 5.- Cando por causas non imputables ó obrigado ó pago do prezo, o servizo ou actividade non se preste ou non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio o día 31 de Outubro do 2002 e consideraráse aprobada definitivamente se non se presentan reclamacións .Unha vez aprobada definitivamente comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro do 2003 e aplicaráse mentres no se acorde a súa derogación ou modificación, no caso de modificacións parciais os artigos non modificados continuarán vixentes . As modificacións producidas pola Lei de presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecte a calqueira elemento deste tributo, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

